

BASES

Choradeiras 2016

Enterro da Sardiña do Entroido Meco

O Concello do Grove, dentro da programación do Entroido 2016, convoca o concurso de Choradeiras 2016, conforme as seguintes bases:

Primeiro. Outorgarase un premio único ao grupo máis numeroso de persoas que asista ao velorio, posterior acompañamento fúnebre e incineración da sardiña do Entroido Meco, que se celebrará o vindeiro **venres 12 de febreiro de 2016** na carpa do Entroido da praza do Corgo.

Segundo. Os grupos estarán constituídos por persoas de todas as idades que deberán estar vestidas de rigoroso loito, se ben, para garantir a boa identificación de cada agrupación, deberán buscar algún elemento distintivo que as identifique como tal. A persoa que realice a inscrición deberá ser maior de idade. O número mínimo de persoas para poder inscribirse será de oito.

Terceiro. Cada grupo deberá presentarse no velorio da Carpa do Entroido a partir das 19.00 horas para realizar a súa inscrición e constatar o número de persoas que o conforman. A hora límite da inscrición quedará marcada pola saída do acompañamento fúnebre.

Cuarto. Logo da celebración da incineración, os membros da organización chamarán o grupo que quedara inscrito co maior número de membros e constatarán a presenza destes para pasar a lles outorgar o correspondente premio.

Quinto. O premio, único, consistirá en 100 euros ao grupo máis numeroso. En caso de empate no número de membros dos grupos máis numerosos, realizarse un sorteo entre eles.

O Grove, febreiro de 2016